

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPEDIENTE NÚMERO:
2024/G007/000015**

D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Excm. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En cumprimento do establecido no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 48 e 49 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, e en virtude das atribucións que me confire o artigo 124. 4. d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **CONVOCO** sesión **EXTRAORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar no salón de sesións da Casa do Concello (praza Maior, 1) o vindeiro mércores, día 30 DE OUTUBRO, ás **10.30 HORAS**, para tratar, como único punto da orde do día, o seguinte:

1/167 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 342/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTALARLE AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE CEDA OS TERREOS NECESARIOS PARA QUE SE CONSTRÚA A NOVA COMISARÍA DE POLICÍA NACIONAL DE LUGO (2024/G004/000728).

Todo iso de conformidade coa solicitude de Pleno extraordinario formulada pola cuarta parte dos membros da Corporación, con data do 9 de outubro de 2024, número Rexistro de Entrada 341, do teor literal seguinte: *“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do regulamento orgánico do pleno do Concello de Lugo, no seu artigo 49, solicita a convocatoria dun pleno extraordinario solicitar a cesión dos terreos necesarios para que se constrúa a nova comisaría da policía nacional de Lugo”.*

No caso de non poder asistir deberá acreditarse con antelación suficiente ante esta Alcaldía. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 46.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Notifíquese de forma axustada á legalidade.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona Mercedes Paula Alvarells Fondo

